

Sarria, 8 de xullo de 2024.- O ALCALDE PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 2159

O VICEDO

Anuncio

Don José Manuel Álvarez Rodríguez, veciño de Bertamiráns – Ames (A Coruña), solicita corte da vía pública no lugar da Torre, parroquia de Suegos, termo municipal do Vicedo, coa fin de proceder a un entroncamento á rede municipal de auga. De conformidade co preceptuado no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ábrese un período de información pública de 20 días hábiles a efectos de que calquera persoa física ou xurídica poda examinar o expediente e formular as alegacións que teña por conveniente.

O Vicedo, 17 de xullo de 2024.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 2164

VIVEIRO

Anuncio

Dona MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO.

Vista a publicación no BOP de Lugo en data 28 de xuño de 2024, da Convocatoria para a selección de persoal, con carácter temporal, para a contratación de oito socorristas para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, ao amparo da orde do 27 de maio de 2024 e se procede á súa convocatoria para o ano 2024.

Vista a publicación no BOP de Lugo en data 28 de xuño de 2024, das Bases Reguladoras para a selección e contratación de oito empregos de carácter laboral temporal de socorristas para as praias do Concello de Viveiro.

Tendo en conta que quedan postos de socorristas vacantes.

Tendo en conta que o proceso selectivo responde á urxencia para a contratación de persoal socorristas 2024 para a época estival de praias 2024.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para cinco postos de socorristas, de **5 (CINCO) DÍAS HÁBILES**, pola urxente e inaprazable necesidade, contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SEGUNDO.- Indicar que as Bases Reguladoras para a selección e contratación de empregos de carácter laboral temporal de socorristas para as praias do Concello de Viveiro, figuran publicadas no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web municipal www.viveiro.es.

Mándoo e asínoo en

Viveiro, 16 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante mín, A Secretaria Accidental, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, María Nieves Leitao Cora.

R. 2160

Anuncio

Dona MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO.

No Boletín Oficial da Provincia número 127, de 03 de xuño de 2024, publica a convocatoria do proceso para a selección de **UN XEFE DE BRIGADA**, que prestará servizos temporais no Concello de Viveiro, ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación.

Vistas as bases xerais e específicas que teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Viveiro para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do